

MOCIÓN DE AER CONTRA OS ESPECTÁCULOS CON ANIMAI

PLENO 27 NOVIEMBRE 2014. ACTA 17/2014

O concello de Redondela carece de normativa sobre a prohibición de circos e atraccións que empregan animais nos seus espectáculos. Estes animais sofren un continuo maltrato: extirpación de poutas e dentes; son sometidos a crueis adestramentos baseados no maltrato físico que inclúe restrición de auga e comida, garrotes, malleiras... para conseguir que un animal realice ou adopte unha figura antinatural; pasan a maior parte da súa vida amarrados ou pechados en gaiolas, nas que apenas poden moverse cando a maioría destes animais en liberdade poden percorrer habitualmente decenas de quilómetros ao día. Así mesmo, moitos deles foron capturados do medio natural, substituíndo a súa forma de vida en liberdade e de acordo á súa especie, pola catividade e unha forma antinatural de vida.

O público destes espectáculos, na súa gran maioría, son nenos e nenas que descoñecen os maltratos que existen detrás deste tipo de circos. Se ben se senten atraídos por poder observar en vivo estes animais, o adulto ha de ser consciente do sufrimento que estes espectáculos implican, e en todo caso, é responsabilidade das administracións públicas velar porque certos espectáculos non existan.

Hai importantes indicadores que avalan o cambio demandado por unha sociedade que desexa seguir avanzando cara ao respecto e a convivencia, desterrando as prácticas de maltrato animal.

Como o número cada vez maior, tanto de localidades que prohiben a exhibición de animais salvaxes en espectáculos, como o de circos que deixan de utilizalos. Isto tamén se observa nas estatísticas dalgúns concellos como o de Barcelona que indican que dende que non se permiten animais nos circos desta cidade, aumentou a afluencia a estes nun 20%. Sen esquecer o éxito comercial e de imaxe de experiencias internacionais e estatais, que basean os seus espectáculos en formulacións teatrais e na destreza dos seus artistas.

Co ánimo de que o concello de Redondela se unha á lista de localidades que prohibiron os espectáculos que utilizan ou exhiben animais, presentamos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes **acordos**:

En todo o termo municipal do Concello de Redondela prohíbese:

- A instalación de circos e atraccións que utilicen animais nos seus espectáculos.
- A exhibición de animais salvaxes en catividade, xa sexa en instalacións itinerantes, na vía e outros espazos públicos ou en centros comerciais.
- O Concello de Redondela insta ao Goberno da Xunta de Galiza para que sobre a base das súas competencias estenda estas prohibicións a todo o seu territorio.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación ordinaria, o pleno do Concello, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG E 1 de AER.), aproba o asunto anteriormente transcrito coas seguintes correccións:

Engadir no primeiro punto do acordo “aos circos a expresión atraccións” e engadir un terceiro punto que veu por correo electrónico, “O Concello de Redondela insta ao Goberno da Xunta de Galiza para que sobre a base das súas competencias estenda estas prohibicións a todo o seu territorio.